



## CIRCULAR INFORMATIVA 8/2026

### ACORDOS ADOPTADOS NA XUNTA XERAL DO 30.03.2026 (1ª/2026)

O 30.03.2026, ás 12.30 h, tivo lugar no salón de actos do colexio a primeira xunta xeral ordinaria do 2026 e nela aprobáronse os seguintes acordos:

#### 1. **Aprobación da acta da sesión anterior**

Tras a lectura da acta da sesión anterior, esta foi aprobada por unanimidade.

#### 2. **Aprobación da Conta xeral de gastos e ingresos do exercicio 2025**

Tras a exposición do tesoureiro e do secretario técnico do colexio das contas correspondentes ao exercicio 2025, así como as aclaracións solicitadas, as dita contas foron sometidas a votación co seguinte resultado:

- Votos a favor: 20
- Votos en contra: 4

#### 3. **Aprobación do novo regulamento da quenda de oficio do ICA Santiago**

O novo regulamento da quenda de oficio do ICA Santiago foi aprobado por maioría, con 18 votos a favor e 4 en contra. O regulamento entra en vigor o día seguinte da súa aprobación e substitúe o de 2004.